

Un dramaturgo galego afincado en Portugal e México

Francisco X. Fernández Naval

Hai uns días falecía en Ciudad Juárez (México,) aos 64 anos, o director teatral ourensán Xosé Manuel Blanco



Gil, fundador, na década dos setenta, da compañía Histrión 70. Blanco Gil iniciárase no teatro no grupo Valle Inclán, dirixido por Segundo Alvarado, formando logo a súa propia compañía, coa que obtivo importantes éxitos, sobre todo co espectáculo *Tempo de chorar*, baseado nos poemas de *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro, e con pezas de Ionesco e de Camus.

Instalouse logo en Lisboa, fundando a compañía profesional Teatro Ibérico, coa que monta, entre outras obras, as *Comedias bárbaras*, de Valle Inclán, e *Vodas de sangue*, de Lorca. Por esta última montaxe coñecín eu a Eduardo Blanco Amor. Foi Gil quen me pediu que falase co escritor, convi-

dándoo no seu nome a participar na estrea da obra en Lisboa, coñecida a súa relación co autor granadino. Blanco Amor accedeu, pero a morte, que o sorpren-

deu poucos días antes da viaxe, non lle permitiu falar desta vez do seu amigo Federico. O traballo desenvolvido por Gil en Lisboa e Oporto mereceu que o Goberno portugués lle outorgase a Orde do Mérito. Non foi feliz, nin para el nin para o teatro galego, o tempo que dirixiu o Centro Dramático. Dende entón distanciouse de Galicia.

Agora, Blanco Gil dirixía en México a compañía Candilejas del Desierto, e faleceu no momento de iniciar a representación da súa última montaxe, *Días negros*. Foise con el unha parte da historia do teatro galego, aquel que, nos días aínda difíciles da ditadura, buscaba o seu espazo e a súa visibilidade.